



Oe!

A que vén tanto ruído?
Espertáchesme.

Perdoa. Estou
almorzando.



Como que **ALMORZANDO?**
Sabes que é de **NOITE**, non si?

Son noctámbulo.

Xa sei que **NON**
es un ángulo.

Non. Son
NOCTÁMBULO.
Estou esperto pola
noite e durmo
polo día.

Ai, si. Xa o sabía.

UN MOMENTO...

Entón, fas **TODO AO REVÉS?**



Dis «ola» no canto de «adeus»?

Ola!
Marcho.

Adeus!
Xa cheguei.

Non.

Teslle medo á luz?

Ai, canta
CLARIDADE.

Non.

Pos os zapatos na cachola e os gorros nos pés?

Non.

Polo menos, tomarás a sobremesa ANTES das VERDURAS, non?

Non.

Simplemente estou esperto pola noite.

Vale. Xa paro coas preguntas. Volverei durmir.

Boas noites,
Bolboreta.